

## CIRCULAR INICIO DE CURSO 2023-2024

As clases comezarán no IES Afonso X O Sabio o luns día **11 de setembro** de 2023, en horario completo, de **8:30 a 14:10 h.**

O alumnado de **1º de ESO** será recibido no salón de actos do instituto polo equipo directivo e as orientadoras do instituto ás 8:30 h., para subir posteriormente ás aulas acompañado dos seus titores/as.

O alumnado do **resto dos niveis** educativos comezará nas súas respectivas aulas, tamén ás 8:30 h., cunha sesión de titoría. A partir da segunda hora lectiva, empezará a cumprirse o horario normal desa xornada.

O transporte escolar da Consellería de Educación funcionará dende o primeiro día, polo que o alumnado usuario debe estar nas paradas asignadas coa suficiente antelación; indícase a continuación o horario de saída de cada autobús da primeira parada:

- AUTOBÚS 1: O Graxal 08:10 h.
- AUTOBÚS 2: O Graxal 08:10 h.
- AUTOBÚS 3: Costa da Tapia, 17: 08:10 h.
- AUTOBÚS 4ª: Costa da Tapia, 17: 08:10 h.
- AUTOBÚS 4B: O Paraugas: 08:10 h.
- AUTOBÚS 5: Cambre 08:00 h.
- AUTOBÚS 6: Cambre 08:10 h.
- AUTOBÚS 7: Cambre 07:55 h.
- AUTOBÚS 8: A Pega 07:50 h.

As familias poderán coñecer cal é o grupo que corresponde ao seu fillo/a mediante a aplicación Abalar a partir da tarde do venres 8 de setembro.

### RECORDATORIO SOBRE ENTRADAS E SAÍDAS

O **horario do centro** comprende de 8:30 h. a 14:10 h. de luns a venres para ESO, FPB e BACH e de 16:30 a 18:10 na tarde dos martes. Os ciclos medio e superior de FP teñen un horario de 8:30 a 15:00 h. de luns a venres.

O alumnado **usuario de transporte escolar** da Consellería de Educación ten a obriga de entrar á parte dianteira do instituto nada máis baixar do autobús, onde será **custodiado** polo profesorado encargado.

Ás 8:25 e ás 16:25 no caso dos martes, permitirase ao alumnado acceder ao instituto co fin de que poidan ir ocupando os seus postos escolares de forma tranquila e se facilite o inicio das clase á hora establecida.

Bo curso 2023-2024.

A Dirección

Cambre, 6 de setembro de 2023